



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REGULAMENTO DE XESTIÓN DA MOBILIDADE DE ESTUDANTES (Aprobado no Consello de Goberno o 19 de decembro de 2005)

Co fin de cumprir os compromisos asumidos pola Universidade da Coruña na Carta Universitaria Erasmus, que foi concedida pola Comisión Europea en marzo de 2003 para os anos 2004-2007 e, ao mesmo tempo unificar e axilizar a xestión administrativa tanto dos estudantes desta universidade como dos procedentes de universidades estranxeiras que se acollen ao Programa Sócrates-Erasmus, neste regulamento establécense os requisitos académicos dos convenios bilaterais que se realizaren baixo o Programa Sócrates-Erasmus e régúlase a xestión administrativa necesaria para organizar e seguir o desenvolvemento do Programa. Así mesmo régúlase a mobilidade de estudantes no marco de convenios bilaterais, que pode incluír ou non recoñecemento académico e a concesión ou non dunha axuda económica. Igualmente, seguindo o camiño iniciado por outras universidades, no marco da autonomía universitaria, a UDC pretende aumentar as posibilidades de mobilidade de estudantes salvando as limitacións dos programas institucionais e bilaterais de intercambio en canto ao número de alumnos admitidos e respectando, en todo caso, a necesidade dun control académico. En efecto, co fin de facilitar a mobilidade de estudantes que cumpren os requisitos legais de acceso á universidade ou ben proceden de universidades españolas ou estranxeiras, sen acollerse ao programa Sócrates-Erasmus nin a convenios bilaterais entre a UDC e outras universidades ou institucións de educación superior, desexan cursar algunhas materias de planos de estudos sen pretender obter un título oficial, así como co obxectivo de permitir a formación continuada daqueles que xa cursaron estudos universitarios e que desexaren ampliar coñecementos cursando algunha materia na universidade sen que os estudos que realicen teñan como finalidade a obtención dun título oficial en España, establécese a normativa que regulará o programa de estudantes visitantes. A admisión mediante esta modalidade estará supeditada á demanda dos estudos universitarios de carácter oficial.

O sistema de intercambio entre centros universitarios españois SICUE-SÉNECA seguirá rexéndose pola súa normativa específica.

TÍTULO I PROGRAMA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES SÓCRATES- ERASMUS

CAPÍTULO I ORGANIZACIÓN DA MOBILIDADE DE ESTUDANTES NO MARCO DO PROGRAMA SÓCRATES-ERASMUS



Artigo 1. Tramitación dos convenios bilaterais Sócrates-Erasmus

1. A iniciativa para tramitar un convenio bilateral para intercambio de estudantes pode proceder de calquera membro da comunidade universitaria ou da Oficina de Relacións Internacionais.

2. A iniciativa procedente dun membro da comunidade universitaria canalizarase a través do/a coordinador/a Sócrates-Erasmus do centro, caso de mobilidade para primeiro e segundo ciclo, ou do departamento, caso de mobilidade para terceiro ciclo, quen, unha vez que se ponderase o interese do convenio para o centro/departamento, e logo de informar á dirección do centro/departamento, enviará a proposta á Oficina de Relacións Internacionais, acompañada dunha táboa provisional de equivalencias, caso de intercambio de estudantes:

a) Recoñecemento académico polo sistema ECTS:

- un ano académico na universidade de destino será recoñecido por 60 créditos ECTS
- un semestre será recoñecido por 30 créditos ECTS
- un trimestre será recoñecido por 20 créditos ECTS

Só poderán optar a esta forma de recoñecemento académico os centros que teñan aprobados os créditos ECTS, así como unha guía ECTS.

b) Recoñecemento académico polo sistema tradicional ou recoñecemento parcial por ECTS:

- Titulación e plano de estudos no marco dos estudos que foron realizados polo estudante da Universidade da Coruña na universidade de destino.
- Nome e número de créditos das materias troncais e obrigatorias do plano de estudos que se recoñecerán polos cursados na universidade de destino.
- Número de créditos de materias optativas do plano de estudos que se recoñecerán polos estudos realizados na universidade de destino.

3. A iniciativa procedente da Oficina de Relacións Internacionais será trasladada á dirección do centro/departamento e ao/á coordinador/a do centro/departamento, que deberá valorar o interese do convenio e propoñer, caso de que se inclúa intercambio de estudantes, unha táboa provisional de equivalencias.

4. Unha vez que se valorou o interese da proposta e a táboa provisional de equivalencias o convenio bilateral enviarase á sinatura do/a reitor/a ou da persoa en quen delegar.

Artigo 2. Organización da mobilidade de estudantes no marco dos convenios bilaterais Sócrates-Erasmus

1. O período de estudos na universidade de destino gozará de pleno recoñecemento académico. Terá unha duración de entre tres meses e un ano e deberá ser parte integral do programa de estudos da universidade de orixe. Poderá incluír unha formación práctica.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2. As dúas universidades asociadas e o/a estudante deberán acordar o contrato de estudos (*learning agreement*) antes do desprazamento á universidade de destino.

Artigo 3. Tramitación da táboa de equivalencias para a mobilidade de estudantes

1. Unha vez que se asinou o convenio bilateral por parte das universidades de orixe e de destino, a Oficina de Relacións Internacionais comunicarllo ao/á coordinador/a do centro, caso de estudantes de 1º e 2º ciclo e de proxecto, e de departamento, caso de estudantes de 3º ciclo, para que tramite a aprobación da táboa de equivalencias.

2. O/a coordinador/a someterá a táboa provisional de equivalencias á aprobación do órgano competente do centro/departamento, segundo o que se estableza no regulamento de réxime interno do centro/departamento ou no acordo da xunta de centro ou do consello de departamento sobre esta cuestión. De non existir previsión expresa nin acordo, será competente a xunta de centro/o consello de departamento.

3. Unha vez que o órgano competente aprobou a táboa de equivalencias, o/a coordinador/a enviaralla á Oficina de Relacións Internacionais acompañando o certificado do/a secretario/a do órgano competente en que se recolle o acordo de aprobación.

4. As táboas de equivalencias publicaranse na páxina web: www.udc.es/rrii e enviaránselle á administración do centro/secretaría do departamento.

5. Calquera cambio na táboa de equivalencias deberá ser aprobado polo órgano competente do centro/departamento e deberá ser notificado á Oficina de Relacións Internacionais.

CAPÍTULO II

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E DE CONCESIÓN DAS BOLSAS DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES NO MARCO DO PROGRAMA SÓCRATES-ERASMUS

Artigo 4. Requisitos xerais para solicitar a bolsa Erasmus de mobilidade de estudantes

1. Poderán participar na convocatoria os estudantes matriculados na Universidade da Coruña en estudos de primeiro, de segundo, de terceiro ciclo e de proxecto, que sexan cidadáns da Unión Europea, de estados da Asociación Europea de Libre Comercio pertencentes ao espazo económico europeo, así como os cidadáns doutros países sempre que foren recoñecidos oficialmente por España como refuxiados, apátridas ou residentes permanentes.

2. Só poderán participar os estudantes que superasen polo menos a totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso dos seus estudos universitarios (planos novos) ou o primeiro curso completo nas convocatorias de xuño ou de setembro do curso académico (planos antigos) en que ten lugar a concesión da bolsa. O estudante que non cumpra este requisito no



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

momento da solicitude deberá acreditarlo polo menos 45 días naturais antes do comezo do período de estudos.

3. En ningún caso poderán optar ás bolsas os estudantes beneficiarios desas mesmas bolsas en convocatorias anteriores da UDC ou doutra universidade. Non se lle concederá a ningún estudante unha segunda bolsa, incluso cando a duración total do período no estranxeiro for inferior a un ano. Non obstante, os estudantes poderán cursar estudos en distintos países durante o mesmo curso académico, sempre que este período sexa parte dun único programa de estudos no marco dun acordo específico entre a universidade de orixe e as de destino.

4. Terán preferencia os estudantes que solicitan por primeira vez a bolsa fronte aos que a solicitaron en anos anteriores e renunciaron a ela sen motivo xustifico.

Artigo 5. Convocatoria de bolsas Erasmus

A convocatoria de bolsas será realizada por resolución reitoral nas datas e coas condicións que están previstas na normativa europea.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. Os estudantes presentarán na Oficina de Relacións Internacionais, no prazo que se indique na convocatoria, os seguintes documentos:

- o impreso de solicitude, segundo o modelo;
- unha fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte;
- unha copia do impreso de matrícula na UDC. De se tratar dun estudante que realiza o proxecto de fin de carreira debe entregar un certificado do director do proxecto conforme continuará realizando o proxecto na universidade de destino;
- a certificación académica persoal do/a solicitante ou o extracto do expediente impreso nos puntos de información.

2. A Oficina de Relacións Internacionais comprobará que os estudantes reúnen os requisitos xerais que se detallan no artigo 4.

Artigo 7. Selección de candidatos

1. Unha vez que se comprobe que os estudantes reúnen os requisitos xerais, as súas solicitudes enviaránselles aos centros que imparten a titulación en que está matriculado/a o/a estudante, se se trata de estudantes de primeiro e de segundo ciclo e de proxecto. De se tratar de estudantes de terceiro ciclo, enviaráselle á sección de terceiro ciclo, que a enviará aos departamentos que impartiren o programa de doutoramento en que está matriculado/a o/a estudante.

2. A selección realizarase de acordo co que está disposto no regulamento de réxime interno de cada centro/departamento ou, no seu defecto, de acordo co procedemento acordado na xunta de centro/no consello de departamento. En defecto do regulamento de réxime interno e de acordo do órgano colexiado, o/a decano/a ou director/a do centro ou o/a director/a de departamento, ou a persoa en quen delegar, presidirá a comisión de selección, de que formará(n)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

parte o(s) coordinador/es do centro/departamento e o/a administrador/a, e actuará como secretario o que o sexa do centro/departamento.

3. A selección deberá basearse nos seguintes criterios de valoración:

- A preparación académica do/a aspirante, valorada segundo o seu expediente académico e o seu currículo: un mínimo dun 50%.
- O coñecemento do idioma da universidade de destino: un mínimo dun 20%.
- A adecuación do compromiso de estudos na universidade de destino ao seu perfil académico.
- A motivación, a madurez, a autonomía persoal e a adaptabilidade do/a estudante.

4. A proposta de selección e a lista de suplentes publicaranse no taboleiro de anuncios do centro/departamento e, de ser o caso, na súa páxina web.

5. Contra a proposta de selección e a lista de suplentes poderá presentarse unha reclamación mediante unha instancia que se dirixirá ao presidente da comisión de selección no prazo de 5 días naturais, que comezará a contar desde a publicación das listas provisionais no taboleiro de anuncios do centro/departamento. A comisión de selección deberá resolver no prazo de 7 días naturais, que se contarán desde a finalización do prazo de presentación de reclamacións.

6. Unha vez que transcorrese o prazo de reclamacións sen que se presentase ningunha ou resoltas as reclamacións, publicarase a proposta definitiva de selección e a lista de suplentes no taboleiro de anuncios do centro/departamento e, de ser o caso, na súa páxina web.

7. O/a secretario/a da comisión deberá enviar a proposta definitiva de selección, incluíndo a lista de suplentes, á Oficina de Relacións Internacionais, que a publicará na páxina web: www.udc.es/rrii.

8. A proposta definitiva de selección do estudante suporá a aprobación provisional por parte do centro/departamento do compromiso de estudos, pendente da realización da matrícula en tempo e en forma.

Artigo 8. Adxudicación das bolsas Erasmus

A adxudicación definitiva das bolsas publicarase na páxina web: www.udc.es/rrii. Esta resolución esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso de reposición e/ou recurso contencioso administrativo nos prazos e nas formas que están previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 9. Aceptación da bolsa Erasmus

1. Os estudantes seleccionados deberán entregar a súa aceptación por escrito na Oficina de Relacións Internacionais no prazo que está previsto na convocatoria. Unha vez que finalice o prazo de presentación da aceptación, entenderase que todos aqueles estudantes que non manifestasen a súa aceptación por escrito renuncian á bolsa, de xeito que se chamará aos suplentes.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2. A Oficina de Relacións Internacionais enviará á administración do centro/ secretaría do departamento a lista dos estudantes que aceptasen a bolsa, e deberá comunicar as altas e as baixas na lista no momento en que se produzan.

3. A administración do centro/ secretaría do departamento fará constar no expediente do/a estudante que é beneficiario da bolsa Erasmus.

Artigo 10. Finalidade, importe e pagamento da bolsa Erasmus

1. A finalidade da bolsa Erasmus de mobilidade é darlle ao/á estudante a posibilidade de realizar nunha universidade europea ou de países asimilados estudos conducentes á obtención dun título oficial, que serán recoñecidos pola universidade de orixe se conseguen neles o nivel esixido na universidade de destino.

2. O/a estudante deberá aboar na universidade de orixe os prezos públicos que están establecidos para os estudos universitarios en que estiver matriculado/a. A universidade de destino non esixirá o pagamento de matrícula de ningún tipo.

3. O/a estudante que sexa beneficiario de bolsas ou de préstamos de carácter nacional seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos na universidade de destino, agás que na convocatoria da bolsa ou do préstamo se estableza expresamente a incompatibilidade.

4. A bolsa Erasmus é compatible coas bolsas financiadas no marco doutros programas comunitarios ou de actividades con contribución comunitaria.

5. A bolsa Erasmus destínase a contribuír a sufragar os gastos adicionais (de viaxe, de preparación lingüística e de diferenza do custo da vida no país de acollida). Non pretende cubrir a totalidade dos custos dos estudos na universidade de destino.

6. Antes de incorporarse á universidade de destino, o/a estudante asinará un convenio financeiro cunhas cláusulas mínimas en dous orixinais, un dos cales lle será entregado xunto coa súa credencial de bolseiro Erasmus, e o outro conservarase na Oficina de Relacións Internacionais.

7. A bolsa aboarásele ao/á estudante en dous pagamentos:

- o 50% do importe total que está previsto da bolsa ao comezo da estadía, cando o/a estudante remita por fax á Oficina de Relacións Internacionais o certificado de chegada tras a súa incorporación á universidade de destino;
- o importe restante, segundo o período real de estadía ao final do período de estudo, unha vez que o/a estudante entregue na Oficina de Relacións Internacionais o certificado de estadía (documento orixinal).

A Oficina de Relacións Internacionais entregarlle ao/á estudante un documento xustificativo de que cobrou os fondos comunitarios para que o asine e o devolva á Oficina unha vez que recibiu o importe total da bolsa.



Artigo 11. Axudas complementarias

1. A Universidade da Coruña concederá aos bolseiros Erasmus unha axuda complementaria, de contía variable, que se fixará anualmente en atención ás disponibilidades orzamentarias. Ademais, subscribirá unha póliza de accidentes (seguro colectivo) para cubrir aos bolseiros Erasmus durante o período de aproveitamento da bolsa de mobilidade.

2. A Xunta de Galicia concede anualmente axudas económicas destinadas a estudantes de calquera das universidades do sistema universitario de Galicia, incluíndo axudas complementarias da bolsa Erasmus. A Oficina de Relacións Internacionais informará os bolseiros da publicación destas axudas a través da páxina web: www.udc.es/rrii.

Artigo 12. Renuncia á bolsa Erasmus

1. O/a estudante pode renunciar á bolsa Erasmus en calquera momento.

2. Se renuncia antes de comezar o período de estudos na universidade de destino alegando motivos xustificados a renuncia non será motivo de exclusión en posteriores convocatorias de bolsas de mobilidade.

3. Se renuncia durante o período de estudos na universidade de destino, o/a estudante comunicarllelo por escrito aos coordinadores das universidades de orixe e de destino e á Oficina de Relacións Internacionais. Caso de renuncia antes de cumprir tres meses na universidade de destino deberá reintegrar as axudas que percibiu pola súa condición de bolseiro Erasmus. Noutro caso as axudas reduciranse proporcionalmente.

Artigo 13. Perda do dereito á bolsa Erasmus

O/a estudante deberá reunir os requisitos xerais establecidos pola UDC e os adicionais que poida sinalar o centro/departamento de orixe para o recoñecemento académico, polo menos, 45 días naturais antes do inicio do período de estudos. De non ser así, o/a estudante perderá o dereito ao aproveitamento da bolsa e deberá comunicarllo á Oficina de Relacións Internacionais o antes posible.

Artigo 14. O contrato de estudos

1. O contrato de estudos é un documento que recolle os seguintes aspectos:

- as materias/créditos en que o/a estudante está matriculado/a e polos que solicita o recoñecemento académico;
- as materias/os créditos que desexa cursar na universidade de destino con indicación da súa duración e, se for o caso, da súa equivalencia na universidade de orixe;

2. Só se pode solicitar o recoñecemento académico de materias/créditos que están incluídos na táboa de equivalencias.

3. O/a estudante pode cursar na universidade de destino materias/créditos sen recoñecemento académico segundo a táboa de equivalencias, que se farán constar no contrato de estudos indicando que carecen de recoñecemento académico. A superación destas materias/créditos non lle concederá ao/á estudante ningún dereito para os efectos de recoñecemento académico no curso académico de que se trate nin noutros posteriores,



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

incluso aínda que nalgún momento se modifique a táboa de equivalencias para incluír o recoñecemento académico desa materia/crédito.

Artigo 15. Tramitación do contrato de estudos

1. Para cubrir o contrato de estudos o/a estudante terase que poñer en contacto co/a coordinador/a do centro/departamento, que o/a informará sobre a universidade de destino e sobre o recoñecemento académico dos estudos que vai realizar durante o período de duración da bolsa.
2. O contrato de estudos deberá ser asinado polo/a estudante, polo/a coordinador/a do centro/departamento e polo/a coordinador/a institucional da universidade de orixe.
3. Unha vez que se asinou, a Oficina de Relacións Internacionais remitiralle unha copia do contrato de estudos á administración do centro ou á secretaría do departamento ou á Sección de Terceiro Ciclo.

Artigo 16. Matrícula do/a bolseiro/a Erasmus

1. O/a bolseiro/a Erasmus matricularase na UDC nos mesmos prazos e condicións que calquera estudante.
2. No momento de realizar a matrícula deberá presentar o contrato de estudos co fin de que a administración do centro ou a Sección de Terceiro Ciclo faga constar a condición de bolseiro/a Erasmus nas materias/créditos correspondentes.

Artigo 17. Modificación da proposta de plano de estudos (*learning agreement*)

1. O/a estudante que, unha vez na universidade de destino se vexa obrigado/a a modificar a proposta de plano de estudos por problemas de horario, cambios na oferta de materias, cambios no programa da materia ou outra circunstancia xustificada, deberá solicitar a modificación durante o primeiro mes desde a súa incorporación á universidade de destino se se trata de materias anuais ou do primeiro semestre, e no primeiro mes desde o comeza do segundo semestre se se trata de materias do segundo semestre.
2. O/a estudante deberá remitir por fax á Oficina de Relacións Internacionais o impreso normalizado de modificación da proposta de plano de estudos debidamente asinado polo/a coordinador/a do centro/departamento e polo/a coordinador/a institucional da universidade de destino. A Oficina de Relacións Internacionais enviarallo ao/a coordinador/a de centro/departamento da universidade de orixe.
3. O/a coordinador/a pode autorizar a modificación ou rexeitala atendendo ás alegacións que se presenten, respectando sempre a táboa de equivalencias.
4. En caso de que o/a coordinador/a autorice a inclusión e/ou exclusión dunha ou de varias materias ou créditos na proposta de plano de estudos deberá presentar a modificación do contrato de estudos correspondente á administración do centro/secretaría do departamento.
5. Ao se tratar da inclusión de materias/créditos nas/nos que o/a estudante xa está matriculado/a, a administración do centro, unha vez comprobado que



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

a/s materia/s ou créditos está/n incluída/s na táboa de equivalencias, fará constar a condición Erasmus nela/s e remitirá co seu visto e prace a modificación do contrato de estudos á Oficina de Relacións Internacionais, incorporando unha copia ao expediente do/a estudante. De se tratar da inclusión de materias/créditos nas/nos que o/a estudante non está matriculado/a, indicarásele ao/á estudante o prazo de que dispón para matricularse, respectando en todo caso a normativa de matrícula da UDC.

6. Ao se tratar da exclusión de materias/créditos, a administración do centro eliminará a condición Erasmus e remitirá co seu visto e prace a modificación do contrato de estudos á Oficina de Relacións Internacionais, incorporando unha copia ao expediente do/a estudante. O/a estudante queda automaticamente autorizado/a para presentarse na UDC ás convocatorias que lle corresponderían de non se incluír a materia/crédito no contrato de estudos.

Artigo 18. Recoñecemento académico

1. O recoñecemento académico dunha materia ou dun crédito cursados na universidade de destino terá lugar sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- que a materia/o crédito conste no contrato de estudos ou nas súas modificacións;
- que o/a estudante estea debidamente matriculado/a nesa materia/nese crédito;
- que superase a materia/o crédito na universidade de destino.

2. O/a estudante ou a universidade de destino entregará na Oficina de Relacións Internacionais o certificado orixinal de cualificacións, acompañado dunha copia simple, en que constarán as materias/créditos cursados coas cualificacións correspondentes, quedándose a Oficina coa copia cotexada.

3. O/a estudante ou a Oficina de Relacións Internacionais entregará o certificado orixinal de cualificacións ao/á coordinador/a de centro/departamento.

4. O/a coordinador/a de centro/departamento elaborará un escrito coas cualificacións equivalentes e entregarallo ao/á estudante, quen deberá presentar o certificado orixinal de cualificacións co escrito de cualificacións equivalentes na administración do centro/secretaría de departamento.

5. A cualificación que se obteña nas materias/créditos incluídas/os no contrato de estudos farase constar no expediente académico do/a estudante, engadindo a mención de que se cursou no marco do programa Sócrates-Erasmus. No caso de estudantes de terceiro ciclo, para o recoñecemento académico precisárase, ademais, o informe favorable do/a titor/a.

6. A non presentación farase constar no expediente académico do/a estudante como non presentado no marco do programa Sócrates-Erasmus.

Artigo 19. Actas

1. A administración do centro incluírá no expediente do/a estudante de 1º, 2º ciclo ou de proxecto, que sexa beneficiario/a dunha bolsa Erasmus, o contrato de estudos e as modificacións que se autorizen. Tamén incluírá a copia da táboa de equivalencias, o certificado orixinal de cualificacións emitido pola



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

universidade de destino e o escrito do/a coordinador/a en que se indiquen as cualificacións equivalentes segundo o sistema español.

2. As actas das materias incluídas no contrato de estudos serán independentes das dos estudantes ordinarios e serán asinadas polo/s coordinador/es do centro e polo/a secretario/a do centro/departamento.

Artigo 20. Documentación dos bolseiros Erasmus

1. A Oficina de Relacións Internacionais proporcionará aos bolseiros Erasmus:

- A credencial de bolseiro/a Erasmus, unha vez que presente o contrato de estudos debidamente cuberto. Non se entregará ningunha credencial sen a previa presentación do contrato de estudos asinado polo/a coordinador/a do centro/departamento.
- O certificado de chegada, que o/a estudante deberá remitir por fax e por correo á Oficina de Relacións Internacionais debidamente asinado e selado pola universidade de destino tan pronto como se incorpore. Non se pagará a bolsa Erasmus sen a previa presentación deste documento.
- O certificado de estadía, que o/a bolseiro/a deberá entregar na Oficina de Relacións Internacionais ao final da estadía na universidade de destino, debidamente asinado e selado pola universidade de destino, acompañado dunha memoria sobre o seu período de estudos no estranxeiro. O feito de non presentar o certificado de estadía supón a perda do dereito á bolsa por incumprimento do contrato, coa devolución das cantidades percibidas. A presentación dun certificado de estadía en que o número de meses de estadía non coincida co número de meses concedido suporá a perda da bolsa correspondente a eses meses. A estadía por un período superior a un mes ao concedido non supón un pagamento a maiores.

Artigo 21. Obrigacións dos bolseiros Erasmus

1. O/a bolseiro/a Erasmus deberá presentar todos os documentos necesarios en tempo e forma e comunicará canto antes os cambios que se produzan.

2. O/a bolseiro/a Erasmus deberá comunicar, ao/á seu/súa coordinador/a e á Oficina de Relacións Internacionais, os datos que permitan localizalo/a no país de recepción en canto sexa posible (endereço postal, correo electrónico, teléfono).

3. O/a bolseiro/a Erasmus debe presentarse aos exames das materias que incluíu no seu contrato de estudos, salvo motivos xustificadas.

4. Unha vez finalizado o período de estadía, o/a bolseiro/a Erasmus debe cubrir a enquisa que lle facilitará a Oficina de Relacións Internacionais.

TÍTULO II PROGRAMA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES NO MARCO DE CONVENIOS BILATERAIS



Artigo 22. Convenios bilaterais

1. O número de estudantes que pode beneficiarse da mobilidade no marco dun convenio bilateral será fixado anualmente de común acordo por ambas as partes.
2. O período de estadía na universidade de destino será de tres meses a un curso académico se é con recoñecemento académico e quedará a discreción das partes se non se pretende un recoñecemento académico.
3. Os estudos realizados na universidade de destino serán recoñecidos académicamente na outra como parte da formación académica dunha titulación oficial sempre que se cumpran os requisitos establecidos por cada universidade.
4. En caso de que o/a estudante que participa na mobilidade desexe continuar os seus estudos na universidade de destino unha vez concluído o período de estudos, deberá someterse ao procedemento xeral de matrícula ou solicitar a admisión no programa de estudantes visitantes.

Artigo 23. Solicitud e concesión da mobilidade

1. A Oficina de Relacións Internacionais convocará cada ano as prazas de mobilidade de estudantes correspondentes aos convenios bilaterais asinados pola UDC.
2. O/a estudante deberá reunir os requisitos esixidos en cada convocatoria no momento de presentar a solicitude. Se non cumprixe os requisitos nese momento deberá acreditarlos en calquera caso antes de iniciar o período de estudos.
3. A selección realizarase de acordo co procedemento previsto no convenio bilateral. En todo caso será un mérito relevante o coñecemento da lingua da universidade de destino.
4. O/a estudante deberá presentar a aceptación por escrito na Oficina de Relacións Internacionais no prazo fixado na convocatoria. De non a presentar por escrito suporá a renuncia á mobilidade e chamarase o suplente.
5. Tras a aceptación, a Oficina de Relacións Internacionais comunicará á universidade de destino os datos dos estudantes beneficiarios e entregarlle a estes a seguinte documentación: credencial de estudante beneficiario/a da mobilidade por convenio e modelos normalizados de certificado de inicio e de fin de estadía na universidade de destino.
6. Os estudantes beneficiarios poderán participar nos cursos de idiomas que ofrece a UDC nas mesmas condicións que os bolseiros Erasmus.

Artigo 24. Réxime académico en caso de mobilidade con recoñecemento académico

1. Ao se tratar de mobilidade no marco de convenios que prevexan un recoñecemento académico dos estudos realizados na universidade de destino, a aprobación da táboa de equivalencias e do contrato de estudos deberá realizarse como no programa Sócrates-Erasmus, actuando como coordinador/a quen se determine no convenio ou, no seu defecto, o/a que o sexa Sócrates-Erasmus.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2. O/a estudante propio/a deberá matricularse na UDC nos prazos previstos con carácter xeral, facendo constar na matrícula a solicitude/concesión da mobilidade por convenio.

3. A administración do centro incluírá no expediente do estudante propio de 1º, 2º ciclo ou de proxecto, beneficiario da mobilidade, o contrato de estudos e as modificacións que se autorizen. Tamén incluírá a copia da táboa de equivalencias, o certificado orixinal de cualificacións emitido pola universidade de destino e o escrito do/a coordinador/a en que se indiquen as cualificacións equivalentes segundo o sistema español.

4. As actas das materias incluídas no contrato de estudos serán independentes das dos estudantes ordinarios e serán asinadas polo/a coordinador/a e polo secretario do centro.

Artigo 25. Réxime académico en caso de mobilidade sen recoñecemento académico

Ao se tratar de mobilidade no marco de convenios que non prevexan un recoñecemento académico, presentárase coa solicitude a proposta de actividades que se van realizar, xustificando o interese da estadia para o currículo do/a solicitante. O período mínimo e máximo de estadia será o fixado no convenio bilateral.

Artigo 26. Matrícula

1. Se no convenio non se prevé outra cosa, o/a estudante deberá aboar, na universidade de orixe, os prezos públicos establecidos para os estudos universitarios en que estea matriculado e a universidade de destino non poderá esixir o pagamento de matrícula de ningún tipo.

2. O/a estudante propio/a que sexa beneficiario/a de bolsas ou préstamos de carácter nacional seguiraos percibindo na súa totalidade durante o período de estudos na universidade de destino, salvo que na convocatoria da bolsa ou do préstamo se estableza expresamente a incompatibilidade.

TÍTULO IV PROGRAMA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES VISITANTES

Artigo 27. Requisitos para participar no programa de estudantes visitantes

1. Poderá participar no programa de estudantes visitantes calquera persoa que cumpra os requisitos legais de acceso á Universidade, ou que cursase ou estea cursando estudos universitarios nunha universidade ou institución de ensino superior española ou estranxeira oficialmente recoñecida, e que desexe ampliar a súa formación cursando materias impartidas en calquera centro da UDC.

2. O/a estudante poderá matricularse neste programa durante un máximo dun curso académico. Con carácter xeral deberá matricularse dun mínimo de 10 e un máximo de 60 créditos europeos ECTS, ou o seu equivalente en caso de planos antigos.



3. No marco de convenios bilaterais poderán acordarse programas de mobilidade de estudantes visitantes con condicións académicas e económicas especiais, aplicándose o que aquí está disposto só de maneira subsidiaria.

Artigo 28. Presentación da solicitude de admisión no programa

1. O/a estudante deberá presentar a solicitude de admisión no programa de estudantes visitantes na Oficina de Relacións Internacionais, acompañada da seguinte documentación:

- formulario de solicitude, en que se indicará o contrato de estudos proposto;
- carta explicando os motivos da solicitude;
- fotocopia do documento de acceso á universidade;
- fotocopia do certificado académico dos estudos universitarios que realiza ou realizou na universidade de orixe, de ser o caso;
- currículo con fotocopias acreditativas dos méritos alegados;
- documento acreditativo do coñecemento básico de español/galego, se for o caso. A participación nos cursos de español/galego para estranxeiros do Centro de Linguas da UDC permite eximir deste requisito;
- fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte;
- dúas fotografías tamaño carné.

Será necesario que o/a solicitante achegue unha tradución simple ao español ou ao galego de todos os documentos que se indican arriba.

2. Para realizar estudos durante un curso académico completo (setembro a xuño) ou durante o primeiro semestre (setembro a febreiro) a solicitude de admisión deberá presentarse antes do 31 de xullo do ano en curso. Para realizar estudos durante o segundo semestre (febreiro a xullo) a solicitude de admisión deberá presentarse antes do 31 de decembro.

Artigo 29. Admisión no programa

1. Unha vez que se comprobe que o/a solicitante reúne o nivel universitario requirido, a Oficina de Relacións Internacionais notificará a admisión como estudante visitante e informará do prazo para realizar a matrícula, que coincidirá co xeral. Excepcionalmente o/a reitor/a ou persoa en quen delegue poderá autorizar a matrícula en calquera momento do curso, sen que isto supoña ningún dereito especial para o/a estudante visitante respecto do réxime ordinario de docencia e de exames.

2. Os estudantes visitantes menores de 28 anos deberán aboar o importe do seguro escolar. Os estudantes visitantes maiores de 28 anos non están incluídos dentro do ámbito de aplicación do seguro escolar, polo que deberán entregar na Oficina de Relacións Internacionais unha copia do documento acreditativo de que teñen un seguro médico de asistencia sanitaria con cobertura en España: tarxeta sanitaria europea para cidadáns comunitarios ou seguro médico privado para cidadáns extracomunitarios.

3. Os estudantes extracomunitarios deberán pórse en contacto coa embaixada española do seu país ou coa embaixada do seu país en España para



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

informarse das condicións de entrada legal en España. A Oficina de Relacións Internacionais entregarlle unha carta de aceptación para facilitar a tramitación do visado como estudante.

Artigo 30. Réxime académico

1. Poderá realizarse a matrícula en calquera das materias ofrecidas pola UDC. O acceso a determinadas materias pode limitarse ou excluírse polas súas especiais características ou pola necesidade de impartirse en grupos reducidos.

2. Os estudantes visitantes figurarán en actas separadas das ordinarias das materias, que se cubrirán por medios telemáticos, e serán asinadas polo/a profesor/a responsable da materia e polo/a secretario/a do centro.

3. A administración do centro recibirá unha relación dos estudantes visitantes admitidos en materias que se imparten en titulacións adscritas ao centro.

4. Despois de que se cubran as actas, segundo o calendario académico, a administración do centro expedirá unha certificación en español en que constarán as materias, os créditos, de ser o caso, a data de publicación do plano de estudos no BOE e as cualificacións que obtivo o/a estudante.

5. Por solicitude do/a estudante, a Oficina de Relacións Internacionais, á vista da/s certificación/s do/s centro/s, emitirá unha certificación académica conxunta en español e en inglés (*transcript of records*).

6. Os estudantes visitantes poderán acceder a todos os servizos da UDC e participarán na vida universitaria cos mesmos dereitos e deberes que os estudantes estranxeiros amparados por convenios bilaterais de mobilidade.

7. Dos estudos realizados como estudante visitante non se derivará ningún dereito en relación coa obtención de títulos oficiais expedidos pola UDC, nin en relación co ingreso nunha titulación. Se o/a estudante visitante desexa obter un título oficial da UDC ou o recoñecemento dos estudos cursados nela a través deste programa, deberá someterse á normativa universitaria aplicable para o acceso mediante a acreditación dos títulos ou probas pertinentes e someterse ao procedemento xeral de ingreso. Os efectos académicos na universidade de orixe serán os que na súa normativa se dispoña.

Artigo 31. Importe e pagamento da matrícula e outras taxas

1. O/a estudante visitante deberá aboar o importe que corresponda polo sobre de matrícula, o seguro escolar, se for o caso, a tarxeta de estudante, a apertura do expediente e a emisión de certificados.

2. Tamén deberá aboar os prezos de matrícula que se fixan no anexo, nun só pagamento ao inicio do curso.

3. Mentres non se acrediten estes ingresos a solicitude queda admitida condicionalmente. Finalizado o prazo para facer o ingreso, o impago determinará a denegación da solicitude, que será arquivada, con perda das cantidades xa aboadas ata o momento.

4. A anulación de matrícula non dará dereito á devolución dos importes aboados salvo por causa imputable á propia Universidade da Coruña.



Artigo 32. Participación de estudantes procedentes doutros programas de mobilidade

1. Os estudantes que cursan estudos na UDC como consecuencia do programa de mobilidade de estudantes Sócrates-Erasmus ou no marco de convenios bilaterais poderán acollerse a este programa para os efectos de cursar materias que non estean recollidas nos seus respectivos contratos de estudos. En todo caso terá aplicación preferente o que está disposto nos convenios que puidesen existir entre a universidade de orixe e a UDC ou o contrato de estudos individual de cada estudante.

2. Os estudantes que participaron en programas de mobilidade de estudantes e, rematado o programa, desexan continuar estudos na UDC sen pretender obter un título oficial en España, poderán acollerse a este programa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada toda a normativa propia da UDC de rango igual ou inferior a esta normativa, así como as instrucións ou as circulares que se refiran á xestión dos programas de mobilidade aquí regulados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Autorízase o/a secretario/a xeral da Universidade da Coruña para dictar as instrucións necesarias de interpretación do presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno, salvo os aspectos que precisen adaptacións informáticas, que entrarán en vigor para o curso 2006/2007.